



SÁBADO 26 DE SETEMBRO ÁS 12:00 H
Rúa peonil Santos Mieites
TOTUM REVOLUTOM.Cia. Vuelos de Rosca
ESPECTÁCULO DE RÚA DESTINADO A TODOS OS PÚBLICOS



TOTUM REVOLUTOM. Cia. Vuelos de Rosca

¿Qué é Vuelos de Rosca?

Vuelos de Rosca é un proxecto artístico e social que nace, de feito, no ano 2009, pero que veu fraguándose durante os anos de formación, tanto pedagóxica como artística, das persoas que o compoñen.

Concebimos a arte como unha expresión cultural básica e necesaria para a evolución dos colectivos e as comunidades, por esta razón temos o convencemento de que provocar que as persoas participen da arte, non só como espectadores (pasivos) senón como actores (activos), é algo beneficioso para todos e todas.

TOTUM REVOLUTUM

A máis surrealista das nosas creacións. Unha mestura explosiva de danza, equilibrio de mans, clown e acrobacia de dúo.

Sinopse:

Totum Revolutum é unha disparatada viaxe a través das diferentes modalidades do circo: dende o clásico ata o contemporáneo, pasando polos rexistros máis de rúa e participativos.

Todo comeza como un show máis de rúa ...
pero uns problemas técnicos obrigarán as nosas personaxes a desenvolverse neutros rexistros, dando lugar a unha mostra única e orixinal de novo circo.

